

RESOLUCIÓN..... /2016. Adxudicación contrato obra.

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade do contrato de obra "*Mellora de camiños de titularidade municipal no concello de Muras*" aprobado por Resolución da Alcaldía en data 4 de xullo de 2016.

Vistas as invitacións efectuadas e as proposicións presentadas polas empresas: Cholo S.L. Consecyr S.L., Construcciones Fego Atlántico S.L., Carferlo S.L., U.T.E. Asogal Construcciones S.L. - Capaz de Contratas S.L., Arquitectura Materiales y Construcción S.L., Leal y Villamor S.L., José Sanjurjo Construcciones S.L., e Canarga S.L., así como, acta da apertura de proposicións, valoración técnica, negociación polo órgano de contratación e providencia da Alcaldía relativa a proposta de adxudicación de data 11 de agosto de 2016.

Visto que o licitador proposto presentou a documentación requirida e acreditou atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíu a garantía definitiva.

Examinada a documentación presentada e de acordo co establecido no artigo 151.4 e disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, RESOLVO:

Primeiro.- Adxudica-lo contrato de obras de "*Mellora de camiños de titularidade municipal no concello de Muras*" segundo proxecto redactado polo enxeñeiro Alejandro Peña López; á empresa Canarga S.L., con CIF B15360902 polo prezo de 46.372,07 euros e 9.737,92 euros de iva, o que importa un total de 56.108,99 euros, por ser a oferta mais vantaxosa segundo os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas.

Segundo.- Dispoñe-lo gasto con cargo á partida 4541.61905 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- O prazo de execución das obras será de dezasete días naturais, dende a sinatura da acta de comprobación da reformulación, en todo caso as obras deberán estar rematadas, certificadas e recibidas antes do 30 de setembro de 2016.

Cuarto.- Notifica-la adxudicación a tódolos licitadores de acordo co establecido no artigo 151.4 do TRLCSP, e requirilo contratista adxudicatario para que conorra á formalización do contrato en documento administrativo no prazo de dez días, así como, autorizar a posterior devolución da documentación administrativa aos restantes licitadores.

Quinto.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite procederase á acta de comprobación da reformulación.

Sexto.- Publicar a adxudicación no perfil do contratante segundo o disposto no artigo 151.4 do TRLCSP, e comunica-los datos básicos ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

Sétimo.- Designar como director técnico da obra ao enxeñeiro D.Igor Vergara Otero, nº colexiado 25.817.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, en Muras a vinte e dous de agosto de dous mil dezaseis, do que eu Secretario, dou fe.

O Alcalde

O Secretario,

